

PLAN DIRECTOR DE AUTOMOCIÓN

ANEXO I

Marco económico financeiro
2026-2027



Marco económico- financiero e planificación

2026-2027



Marco económico- financeiro e planificación

O marco económico-financiero e planificación do plan director establece as bases financeiras e organizativas para a implementación de diversas medidas destinadas a impulsar a economía e a competitividade industrial en Galicia. Este apartado proporciona unha visión integral das medidas planificadas, detallando os seus orzamentos e prazos de execución.

As medidas agrúpanse en diferentes ámbitos estratéxicos, cada un dos cales desempeña un papel crucial no desenvolvemento industrial e económico da comunidade.

Estas áreas son:



Internacionalización:

inclúe accións para fomentar a presenza internacional das empresas.



Dixitalización:

prevé iniciativas para promover a transformación dixital.



Sustentabilidade:

céntrase en mellorar a sustentabilidade industrial con proxectos de eficiencia enerxética e enerxías renovables.



Competitividade e innovación:

enfocado en fortalecer as cadeas de valor, a innovación, a competitividade sectorial e o posicionamento estratéxico.



Investimentos:

facilita o financiamento de proxectos estratéxicos e a atracción de investimentos.



Persoas:

dirixido á formación, capacitación e desenvolvemento do talento



Infraestruturas e solo:

abarca a planificación e o desenvolvemento de infraestruturas industriais e a xestión do solo empresarial.



Nova gobernanza:

inclúe medidas para fortalecer a gobernanza e a participación de axentes sociais e económicos.



A continuación, para cada unha destas áreas estratéxicas, agrúpanse as diferentes medidas clasificadas por ámbito de aplicación:




Transversais:

medidas xerais para o conxunto dos sectores económicos.



Industriais:

medidas dirixidas ao conxunto do sector industrial.



Sectoriais:

medidas directas dirixidas ao sector de automoción.

As medidas relacionadas teñen un orzamento previsto, pero hai que ponderalas nos casos en que non estean dirixidas exclusivamente ao sector da automoción.

Así pois, dentro do marco económico e financeiro, as medidas con carácter transversal serán ponderadas segundo achega do sector de automoción ao PIB de Galicia, que é aproximadamente dun 17,2% e as medidas sectoriais serán ponderadas cun 100%. No que respecta, ás medidas de carácter industrial, determinouse unha ponderación do 30%¹.

A modo de síntese, a ponderación do orzamento previsto realizarase do seguinte xeito:

17,2% Transversal

30% Industrial

100% Sectorial

A continuación, detallaranse nunha táboa as medidas priorizadas para a automoción para as anualidades 2026-2027.

Cómpre salientar que existen medidas que non inclúen dotación económica concreta, senón a indicación N/A (non aplicable) debido a que son medidas de apoio, asesoramento ou colaboración, cuxo custo para a Administración autonómica é unicamente de persoal e outros gastos correntes.

¹ Cálculo explicado no plan director (páx. 132).



No resto de medidas, que si inclúen orzamento, as dotacións económicas consignadas en cada unha delas son as que se atopan previstas e reservadas de acordo cos orzamentos dos distintos centros directivos da Xunta de Galicia. Agora ben, existen medidas cuxa asignación de fondos ten carácter anual, polo que os orzamentos concretos poden variar dun ano a outro, para as que, a día de hoxe, unicamente é posible determinar con exactitude os orzamentos do ano 2026, de acordo co proxecto de orzamentos da comunidade autónoma para esa anualidade. Neste caso, a anualidade 2027 estará condicionada á dispoñibilidade orzamentaria do exercicio.

Ao longo dos anos de vixencia deste plan director, a concreción das dotacións orzamentarias anuais futuras para as diferentes medidas vanse ir incorporándose ao documento. Esta incorporación de dotacións orzamentarias, con carácter xeral, e de acordo co previsto no artigo 66.2 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, non suporá unha modificación do plan director, senón unha actualización que será aprobada por resolución da persoa titular da consellería con competencias en industria, tras o cal se dará traslado dunha copia da actualización ás entidades que participaron na elaboración do plan director orixinario.

Así pois, neste Anexo ao plan director de automoción vanse **incorporar as cantidades exactas comprometidas para o 2026** atendendo aos orzamentos deste exercicio e de acordo co proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para dita anualidade.

Cómpre salientar que os plans directores son documentos vivos, polo que na táboa incorporáronse medidas non incluídas na listaxe do 2025, mentres que algunhas outras foron eliminadas por motivos de oportunidade e coa idea de acadar a mellor eficiencia e eficacia dos recursos públicos. As medidas novidasas aparecen sombreadas en azul e correspóndese, na maioría dos casos, con actuacións novas que foron implementadas no 2026 e, noutros, con medidas existentes que foron validadas polos organismos e que resultan de interese dentro do plan de acción da automoción.

Este cadro de medidas foi posto a disposición do sector para o seu coñecemento a través da Comisión sectorial de seguimento do plan director e validado cos diferentes organismos Xunta competentes por razón de materia.

Como resultado deste traballo, os orzamentos comprometidos para o período 2025-2026 acadan unha cifra entorno aos **108,34M€**, o 59% do total estimado na execución do plan director.

185M€, como dotación total estimada pola Xunta de Galicia á execución das medidas do Plan Director de Automoción para 2025-2027.



		Medidas priorizadas polo sector				Orzamento ponderado por anualidades			
		Liñas de actuación	Orzamento previsto (2026+2027)	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)	2026	2027	TOTAL (2026+2027)
INTERNACIONALIZACIÓN	Antenas Empresariais	1.027.153	IGAPE	Transversal	17,2%	87.230,32	89.440,00	176.670,32	
	Bolseiros de internacionalización	2.445.732	IGAPE	Transversal	17,2%	187.605,90	233.060,00	420.665,90	
	Galicia Exporta Empresas	9.300.000	IGAPE	Transversal	17,2%	1.599.600,00	Por determinar	1.599.600,00	
	Galicia Exporta OOII	2.200.000	IGAPE	Transversal	17,2%	378.400,00	Por determinar	378.400,00	
	Plan FOEXGA- Apoio a pemes	4.280.000	IGAPE	Transversal	17,2%	546.960,00	189.200,00	736.160,00	
DIXITALIZACIÓN	Obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística	1.050.000	IGAPE	Transversal	17,2%	120.400,00	60.200,00	180.600,00	
	Investimentos para infraestruturas locais (infraestruturas abertas e colaborativas) ²	4.000.000	IGAPE	Transversal	17,2%	344.000,00	344.000,00	688.000,00	
	Industria Innova ³	11.562.500	IGAPE	Sectorial	100,0%	3.437.500,00	8.125.000,00	11.562.500,00	
	Programa NEXOS	19.800.000	GAIN	Transversal	17,2%	1.272.800,00	2.132.800,00	3.405.600,00	
	Axudas á transformación dixital	5.900.000	IGAPE	Transversal	17,2%	516.000,00	498.800,00	1.014.800,00	
	Programa Reactiva-TEC	2.546.082	AMTEGA	Transversal	17,2%	218.963,05	218.963,05	437.926,10	
	Programa I+D Empresarial	1.750.000	GAIN	Transversal	17,2%	86.000,00	215.000,00	301.000,00	
SUSTENTABILIDADE	Proxectos de aforro e eficiencia enerxética	15.000.000	INEGA	Transversal	17,2%	1.290.000,00	1.290.000,00	2.580.000,00	
	Medidas para avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG)	500.000	IGAPE	Transversal	17,2%	86.000,00	Por determinar	86.000,00	
	Proxectos de enerxías renovables térmicas	2.100.000	INEGA	Transversal	17,2%	361.200,00	Por determinar	361.200,00	
	Proxectos de enerxía solar fotovoltaica	6.500.000	INEGA	Transversal	17,2%	602.000,00	516.000,00	1.118.000,00	
	Oficinas de Economía Industrial Circular	1.117.021,09	D.X Calidade Ambiental e Sostibilidade	Industrial	30,0%	209.441,40	125.664,93	335.106,33	
	Rede galega de economía circular								

² Substitúe os *Centros de fabricación avanzada*.

³ Substitúe a *Fábrica intelixente e sustentable*.



COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN

Oficina Económica de Galicia	N/A	IGAPE	Transversal	17,2%	-	-	-
Axudas ás agrupacións empresariais innovadoras	1.300.000	IGAPE	Transversal	17,2%	223.600,00	Por determinar	223.600,00
Programa de Unidades Mixtas de Investigación	8.000.000	GAIN	Transversal	17,2%	602.000,00	774.000,00	1.376.000,00
Fortalecemento dos centros de investigación e os centros tecnolóxicos galegos	6.475.000	GAIN	Transversal	17,2%	481.600,00	632.100,00	1.113.700,00
Convenio AMTEGA-CTAG: Laboratorio de ciberseguridade e hacking ético (vehículo)	152.397,48	AMTEGA	Sectorial	100,0%	152.397,48	-	152.397,48
Business Factory Auto	1.974.425	IGAPE	Sectorial	100,0%	1.974.425,00	Por determinar	1.974.425,00
IA 360	3.125.351	IGAPE	Transversal	17,2%	537.560,42	-	537.560,42
IA360-2026	10.000.000	IGAPE	Industrial	30,0%	1.500.000,00	1.500.000,00	3.000.000,00
Espazo de datos	1.277.500	IGAPE	Transversal	17,2%	219.730,00	Por determinar	219.730,00
Igape Innova/Igape Innova 2026	6.000.000	IGAPE	Transversal	17,2%	688.000,00	344.000,00	1.032.000,00
Ticket Innova	1.000.000	IGAPE	Transversal	17,2%	172.000,00	Por determinar	172.000,00
Programa Re-acciona	3.335.000	IGAPE	Transversal	17,2%	401.620,00	172.000,00	573.620,00
Renova o teu vehículo	3.250.000	INEGA	Sectorial	100,0%	3.250.000,00	Por determinar	3.250.000,00
Convenio Plan de acompañamento e diversificación	65.000	S.X. Industria e Desenvolvemento Enerxético	Sectorial	100,0%	65.000,00	-	65.000,00
Axudas certificacións defensa	1.500.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Transversal	17,2%	86.000,00	172.000,00	258.000,00
Industria Dual	3.750.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	30%	450.000	675.000	1.125.000
Recuperación Excelencia NEOTEC	2.500.000	GAIN	Transversal	17,2%	215.000,00	215.000,00	430.000,00
Ignicia proba de concepto	3.670.000	GAIN	Transversal	17,2%	321.640,00	309.600,00	631.240,00



	Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia	6.200.000	GAIN	Transversal	17,2%	533.200,00	533.200,00	1.066.400,00
	Vinnovate Galicia	700.000	GAIN	Transversal	17,2%	51.600,00	68.800,00	120.400,00
	Servizos Peme Europa	N/A	GAIN	Transversal	17,2%	-	-	-
INVESTIMENTOS	Préstamos para investimentos ⁴	62.500.000	IGAPE	Transversal	17,2%	7.095.000,00	3.655.000,00	10.750.000,00
	Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación							
	Préstamos para financiamento operativo							
	Reaval crecemento	13.500.000	IGAPE	Transversal	17,2%	696.600,00	1.625.400,00	2.322.000,00
	Reaval garantías							
	Axudas para a atracción de empresas a Galicia	21.640.000	IGAPE	Transversal	17,2%	1.486.080,00	2.236.000,00	3.722.080,00
Axudas Startups	1.500.000	IGAPE	Transversal	17,2%	258.000,00	Por determinar	258.000,00	
PERSOAS	Bonos talento empresa	1.250.000	D.X. Formación e Cualificación	Transversal	17,2%	215.000,00	Por determinar	215.000,00
	Galicia Suma Talento: Plan de Formación Empresas ⁵	8.500.000	D.X. Formación e Cualificación	Transversal	17,2%	1.376.000,00	86.000,00	1.462.000,00
	Mecanismo SPE para empresas en crise	N/A	D.X. Formación e Cualificación	Transversal	17,2%	-	-	-
	Convenio para a mellora das capacidades directivas	150.000	IGAPE	Transversal	17,2%	25.800,00	Por determinar	25.800,00
	Convenio Programa Executivo Industria de Defensa	71.500	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	30€	21.450	-	21.450

⁴ Inclúe os préstamos para investimentos estratéxicos.

⁵ Nova nomenclatura das *Accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas*.



Accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave	4.000.000	D.X. Formación e Cualificación	Transversal	17,2%	688.000,00	Por determinar	688.000,00
Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP	600.000	D.X. Formación Profesional	Transversal	17,2%	103.200,00	Por determinar	103.200,00
Plan Conecta FP							
Plataforma software EMI das OE de Galicia	866.408	D.X. Formación e Cualificación	Transversal	17,2%	119.217,80	29.804,45	149.022,24
Estadías profesorado FP							
Formación de alta especialización para o profesorado	320.000	D.X. Formación Profesional	Transversal	17,2%	55.040,00	Por determinar	55.040,00
Doutoramentos industriais	1.497.000	GAIN	Transversal	17,2%	81.528,00	175.956,00	257.484,00
Axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a RSE	2.800.000	S.X Emprego e RRL	Transversal	17,2%	240.800,00	240.800,00	481.600,00
Accreditación de experiencia profesional							
Plan FPGAL 360	238.000	D.X. Formación Profesional	Transversal	17,2%	40.936,00	Por determinar	40.936,00
Accións de sensibilización e formación en materia de residuos	1.070.000	D.X Calidade Ambiental e Sostibilidade	Industrial	30,0%	321.000,00	Por determinar	321.000,00
Programa educativo de economía circular	236.871	D.X Calidade Ambiental e Sostibilidade	Industrial	30,0%	71.061,38	Por determinar	71.061,38
Arraigo sociolaboral ⁶	1.250.000	D.X. Formación e Cualificación	Transversal	17,2%	215.000,00	Por determinar	215.000,00
Retorna Cualifica Emprego	1.840.000	D.X. Formación e Cualificación	Transversal	17,2%	316.480,00	Por determinar	316.480,00
Programa Galicia Emprega	39.400.000	S.X Emprego e RRL	Transversal	17,2%	3.388.400,00	3.388.400,00	6.776.800,00

⁶ Substitúe o Programa arraigo para a formación.



	Programa Investigo	9.634.800	S.X Emprego e RRLL	Transversal	17,2%	828.592,80	828.592,80	1.657.185,60
	Programa Primeira Experiencia Profesional	12.562.806	S.X Emprego e RRLL	Transversal	17,2%	1.080.401,32	1.080.401,32	2.160.802,63
	Contratación persoas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, a través da colaboración con OOH sen ánimo de lucro	3.500.000	S.X Emprego e RRLL	Transversal	17,2%	602.000,00	Por determinar	602.000,00
	Programa para apoio ao emprego autónomo e a cota cero	28.956.500	S.X Emprego e RRLL	Transversal	17,2%	4.980.518,00	Por determinar	4.980.518,00
INFRAESTRUTURAS E SOLO	Actualización do censo do solo empresarial	N/A	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	30,0%	-	-	-
	Flexibilización dos mecanismos de venda ou alugueiro de solo empresarial ⁷	3.333.333	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	30,0%	500.000,00	500.000,00	1.000.000,00
	Axudas infraestruturas de parques empresariais	3.448.437,80	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	30,0%	1.034.531,34	Por determinar	1.034.531,34
	Axudas reforzo e extensión de redes de distribución eléctrica	875.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	30,0%	75.000,00	187.500,00	262.500,00
NOVA GOBERNANZA	Comisión de seguimento sectorial	N/A	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Sectorial	100%	-	-	-
	Fortalecemento do diálogo social	N/A	Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais/Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético	Sectorial	100%	-	-	-

⁷ Nova nomenclatura do *Solo industrial a custo cero*.



Grupos de traballo con organismos Xunta	N/A	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Sectorial	100%	-	-	-
Posta en marcha do mapa industrial de Galicia	65.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial AMTEGA	Industrial	30,0%	19.500,00	-	19.500,00
Análises bianuais de impacto do plan director	10.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Sectorial	100%	10.000,00	-	10.000,00
Plan de Impulso e de aceleración de proxectos	700.000	S.X. Industria e Desenvolvemento Enerxético	Industrial	30,0%	210.000,00	Por determinar	210.000,00
Discriminación positiva para a incorporación das mulleres na industria	N/A	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial e D.X. Promoción da Igualdade	Industrial	30,0%	-	-	-
Medidas extraordinarias en materia de seguridade industrial	400.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	30,0%	120.000,00	Por determinar	120.000,00
Medidas desenvoltas en materia de seguridade e saúde laboral	N/A	ISSGA	Sectorial	100%	-	-	-
Estratexia de comunicación para dar a coñecer os plans directores	0	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Sectorial	100%	-	-	-

	2025	2026	2027	TOTAL
MEDIDAS TOTAIS A DISPOSICIÓN DO SECTOR	58.798.671 €	49.544.610,20 €	Dotación xa confirmada: 33.467.682,54 € <i>(25 medidas por determinar orzamento 2027)</i>	Dotación xa confirmada: 141.810.963,74€

*As novas axudas dirixidas á automoción non foron convocadas por petición do propio sector, diferíndose a convocatoria para exercicios posteriores.